Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza estratexias para interpretar e comunicar información oral en lingua inglesa, elaborando presentacións orais de pouca extensión, ben estruturadas, relativas a situacións habituais de comunicación cotiá e frecuente de ámbito persoal, público ou profesional	SI
RA2 - Participa en conversas en lingua inglesa utilizando unha linguaxe sinxela e clara en situacións habituais frecuentes dos ámbitos persoal ou profesional, activando estratexias de comunicación básicas	SI
RA3 - Elabora textos escritos breves e sinxelos en lingua inglesa, en situacións de comunicacións habituais e frecuentes dos ámbitos persoal, público ou profesional, desenvolvendo estratexias estruturadas de composición, e aplica estratexias de lectura comprensiva	SI

4.13.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Aplicáronse as estratexias de escoita activa para a comprensión precisa das mensaxes recibidas
CA1.2 Identificouse a intención comunicativa básica de mensaxes directas ou recibidas mediante formatos electrónicos, valorando as situacións de comunicación e as súas implicacións no uso do vocabulario empregado
CA1.3 Identificouse o sentido global do texto oral que presenta a información de xeito secuenciado e progresivo en situacións habituais frecuentes e de contido predicible
CA1.4 Identificáronse trazos fonéticos e de entoación común e evidente que axuden a entender o sentido xeral da mensaxe
CA1.5 Realizáronse presentacións orais breves de textos descritivos, narrativos e instrutivos dos ámbitos persoal, público ou profesional, de acordo cun guión sinxelo, aplicando a estrutura de cada tipo de texto e utilizando, de ser o caso, medios informáticos
CA1.6 Utilizáronse estruturas gramaticais básicas adaptadas a contextos diferentes (formal, non formal e situacións profesionais), e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases e palabras de situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible segundo o propósito comunicativo do texto
CA1.7 Expresouse con certa claridade, usando unha entoación e unha pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes
CA1.8 Amosouse unha actitude reflexiva acerca da información que supoña calquera tipo de discriminación
CA1.9 Identificáronse as normas de relacións sociais básicas e estandarizadas dos países onde se fale a lingua estranxeira
CA1.10 Identificáronse os costumes ou as actividades cotiás da comunidade onde se fale a lingua estranxeira
CA2.1 Dialogouse, de xeito dirixido e seguindo un guión ben estruturado, utilizando un repertorio memorizado de modelos de oracións e conversas breves e básicas, sobre situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible
CA2.2 Mantívose a interacción utilizando estratexias de comunicación sinxelas para amosar o interese e a comprensión
CA2.3 Utilizáronse estratexias básicas de compensación para suplir carencias na lingua estranxeira, como a observación da persoa interlocutora e a procura da súa axuda para facilitar a bidireccionalidade da comunicación
CA2.4 Utilizáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, segundo o propósito comunicativo do texto
CA2.5 Expresouse con certa claridade, utilizando unha entoación e unha pronuncia comprensibles, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes, nun rexistro formal ou neutro e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada
CA3.1 Leuse o texto de xeito comprensivo, recoñecendo os seus trazos básicos, o seu contido global, e analizouse a súa intención e o seu contexto
CA3.2 Identificáronse as ideas fundamentais e a intención comunicativa básica do texto
CA3.3 Identificáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio limitado de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, en situacións habituais frecuentes, de contido moi predicible



Criterios de avaliación
CA3.4 Completáronse e reorganizáronse frases e oracións, atendendo ao propósito comunicativo e a normas gramaticais básicas
CA3.5 Elaboráronse textos breves e adecuados a un propósito comunicativo, seguindo modelos estruturados
CA3.6 Utilizouse o léxico esencial axeitado para situacións frecuentes e para o contexto dos ámbitos persoal ou profesional
CA3.7 Amosouse interese pola boa presentación dos textos escritos, respectando as normas gramaticais, ortográficas e tipográficas, e seguindo sinxelas pautas de revisión
CA3.8 Utilizáronse dicionarios impresos e en liña e correctores ortográficos dos procesadores na composición dos textos
CA3.9 Amosouse unha actitude reflexiva acerca da información que supoña calquera tipo de discriminación

4.13.e) Contidos

Contidos
Ideas principais en chamadas, mensaxes, ordes e indicacións moi claras.
Descrición xeral de persoas, lugares e obxectos dos ámbitos profesional e público.
Narración e explicación sobre situacións habituais e frecuentes do presente, do pasado e do futuro.
Léxico, expresións e frases sinxelas frecuentes para se desenvolver en transaccións e xestións cotiás dos ámbitos persoal ou profesional.
Recursos gramaticais. Tempos e formas verbais en presente e pasado; verbos principais, modais e auxiliares. Funcións comunicativas asociadas a situacións habituais e frecuentes. Elementos lingüísticos fundamentais. Marcadores do discurso para iniciar, ordenar e finalizar.
Pronuncia de fonemas ou grupos fónicos de carácter básico que presenten maior dificultade.
Uso de rexistros axeitados nas relacións sociais.
Estratexias fundamentais de comprensión e escoita activa.
Formatos electrónicos máis usuais.
Estratexias de comprensión e escoita activa para iniciar, manter e rematar a interacción.
Elaboración de mensaxes e textos sinxelos en lingua inglesa.
Comprensión da información global e da idea principal de textos básicos cotiás, dos ámbitos persoal, público ou profesional.
Léxico frecuente para se desenvolver en transaccións e xestións cotiás e sinxelas dos ámbitos persoal, público ou profesional.
Composición de textos escritos moi breves, sinxelos e ben estruturados.
Elementos lingüísticos fundamentais atendendo aos tipos de textos, aos contextos e aos propósitos comunicativos tendo en conta un enfoque centrado no uso da lingua e na súa dimensión social.
Tempos e formas verbais. Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.
Estruturas gramaticais básicas:
A oración simple e a oración composta con and/or/but.
Dicionarios impresos e en liña, e correctores ortográficos.
Propiedades básicas do texto.
Estratexias e técnicas de comprensión de lectura.
Estratexias de planificación e de corrección escrita.
Estratexias de expresión e de interacción escrita.



Contidos

Usos sociais da lingua: información xeral, opinión e valoración.

Funcións comunicativas máis habituais dos ámbitos persoal, público ou profesional en medios escritos.

Coherencia espazo-temporal e cohesión a través do uso de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito.

Contidos léxico-semánticos sinxelos e básicos da lingua inglesa.



4.14.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
14	Paisaxes naturais	10

4.14.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Valora a evolución histórica das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga, así como as súas relacións coas paisaxes naturais, analizando os factores e os elementos implicados, e desenvolvendo actitudes e valores de aprecio do patrimonio natural e artístico	NO

4.14.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbíronse mediante a análise de fontes gráficas as principais características dunha paisaxe natural, e recoñécéronse esas características no contorno máis próximo
CA1.8 Elaboráronse instrumentos sinxelos de recollida de información mediante estratexias de composición protocolizadas, utilizando tecnoloxías da información e da comunicación
CA1.9 Desenvolvéronse comportamentos acordes co desenvolvemento do propio esforzo e o traballo colaborativo

4.14.e) Contidos

Contidos
Paisaxes naturais: aspectos xerais e locais.



4.15.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
15	As sociedades prehistóricas	11

4.15.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Valora a evolución histórica das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga, así como as súas relacións coas paisaxes naturais, analizando os factores e os elementos implicados, e desenvolvendo actitudes e valores de aprecio do patrimonio natural e artístico	NO
RA2 - Valora a construción do espazo europeo ata as primeiras transformacións industriais das sociedades agrarias, analizando as súas características principais, así como a súa persistencia na sociedade actual e no contorno inmediato	NO

4.15.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense mediante a análise de fontes gráficas as principais características dunha paisaxe natural, e recoñécense esas características no contorno máis próximo
CA1.2 Explicáronse a localización, o desprazamento e a adaptación ao medio dos grupos humanos do período da hominización, ata o dominio técnico dos metais por parte das principais culturas que o exemplifican
CA1.3 Relaciónáronse as características dos fitos artísticos máis significativos do período prehistórico coa organización social e co corpo de crenzas, e valoráronse as súas diferenzas coas sociedades actuais
CA1.4 Valorouse a persistencia destas sociedades nas actuais, en especial no territorio galego e peninsular, identificando e comparando as súas principais características
CA1.6 Xulgouse o impacto das primeiras sociedades humanas na paisaxe natural, analizando as características das cidades antigas e a súa evolución na actualidade no territorio galego e peninsular
CA1.7 Analizouse a persistencia en Galicia, na Península Ibérica e nos territorios extrapeninsulares españois das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga
CA1.8 Elaboráronse instrumentos sinxelos de recollida de información mediante estratexias de composición protocolizadas, utilizando tecnoloxías da información e da comunicación
CA2.9 Desenvolvéronse comportamentos acordes co desenvolvemento do propio esforzo e o traballo en equipo

4.15.e) Contidos

Contidos
Sociedades prehistóricas.
Tratamento e elaboración de información para as actividades educativas: recursos básicos (guións, esquemas, resumos, etc); ferramentas sinxelas de localización cronolóxica; vocabulario seleccionado e específico.



4.16.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
16	A antigüidade	11

4.16.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Valora a evolución histórica das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga, así como as súas relacións coas paisaxes naturais, analizando os factores e os elementos implicados, e desenvolvendo actitudes e valores de aprecio do patrimonio natural e artístico	NO

4.16.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Discrimináronse as principais características que require a análise das obras arquitectónicas e escultóricas mediante exemplos arquetípicos, diferenciando estilos canónicos
CA1.7 Analizouse a persistencia en Galicia, na Península Ibérica e nos territorios extrapeninsulares españois das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga
CA1.8 Elaboráronse instrumentos sinxelos de recollida de información mediante estratexias de composición protocolizadas, utilizando tecnoloxías da información e da comunicación
CA1.9 Desenvolvéronse comportamentos acordes co desenvolvemento do propio esforzo e o traballo colaborativo

4.16.e) Contidos

Contidos
Nacemento das cidades: hábitat urbano e a súa evolución; gráficos de representación urbana; sociedades urbanas antigas; cultura grega (extensión, trazos, fitos principais e características esenciais da arte grega); cultura romana (características esenciais da arte romana); sociedades prehistóricas e antigas no territorio galego e peninsular.
Tratamento e elaboración de información para as actividades educativas: recursos básicos (guións, esquemas, resumos, etc); ferramentas sinxelas de localización cronolóxica; vocabulario seleccionado e específico.



4.17.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
17	Europa, España e Galicia na Idade Media	13

4.17.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Valora a construción do espazo europeo ata as primeiras transformacións industriais das sociedades agrarias, analizando as súas características principais, así como a súa persistencia na sociedade actual e no contorno inmediato	NO

4.17.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Analizouse a transformación do mundo antigo no medieval, recoñecendo a evolución do espazo europeo, as súas relacións co espazo extraeuropeo e as características máis significativas das sociedades medievais en Galicia e en España
CA2.2 Valoráronse as características das paisaxes agrarias medievais e a súa persistencia nas sociedades actuais galega e española, identificando os seus elementos principais
CA2.7 Analizouse a evolución do sector ou dos sectores produtivos propios do perfil do título, analizando as súas transformacións e os principais fitos de evolución nos seus sistemas organizativos e tecnolóxicos
CA2.8 Elaboráronse instrumentos sinxelos de recollida de información mediante estratexias de composición protocolizadas, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación
CA2.9 Desenvolvéronse comportamentos acordes co desenvolvemento do propio esforzo e o traballo en equipo

4.17.e) Contidos

Contidos
Europa medieval: persistencia de usos e costumes (espazo agrario e as súas características); contacto con outras culturas.
Tratamento e elaboración de información para as actividades educativas: recursos básicos (resumos, fichas temáticas, biografías, follas de cálculo ou similares, etc); vocabulario específico.



4.18.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
18	Europa, España e a Galicia modernas	14

4.18.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Valora a construción do espazo europeo ata as primeiras transformacións industriais das sociedades agrarias, analizando as súas características principais, así como a súa persistencia na sociedade actual e no contorno inmediato	NO

4.18.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Valoráronse as consecuencias da construción dos imperios coloniais en América nas culturas autóctonas e nas europeas
CA2.4 Analizouse o modelo político e social da monarquía absoluta durante a Idade Moderna nas principais potencias europeas, así como as súas peculiaridades en Galicia e en España
CA2.5 Valoráronse os indicadores demográficos básicos das transformacións na poboación europea, española e galega durante o período analizado
CA2.6 Descríbironse as principais características da análise das obras pictóricas a través do estudo de exemplos arquetípicos das escolas e dos estilos que se suceden en Europa, en España e en Galicia desde o Renacemento ata a irrupción das vangardas históricas
CA2.7 Analizouse a evolución do sector ou dos sectores produtivos propios do perfil do título, analizando as súas transformacións e os principais fitos de evolución nos seus sistemas organizativos e tecnolóxicos
CA2.8 Elaboráronse instrumentos sinxelos de recollida de información mediante estratexias de composición protocolizadas, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación
CA2.9 Desenvolvéronse comportamentos acordes co desenvolvemento do propio esforzo e o traballo en equipo

4.18.e) Contidos

Contidos
Europa das monarquías absolutas: grandes monarquías europeas (localización e evolución sobre o mapa no contexto europeo); monarquía absoluta en España; evolución do sector produtivo durante o período. Colonización de América.
Galicia na época medieval e moderna.
Estudo da poboación.: evolución demográfica do espazo europeo; comentario de gráficas de poboación (pautas e instrumentos básicos).
Evolución da arte europea, española e galega das épocas medieval e moderna. Pautas básicas para o comentario de obras pictóricas.
Tratamento e elaboración de información para as actividades educativas: recursos básicos (resumos, fichas temáticas, biografías, follas de cálculo ou similares, etc); vocabulario específico.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para acadar unha avaliación positiva teranse en conta os criterios de cualificación seguintes:

1) Probas escritas e/ou orais (50%).

En cada avaliación realizarase como mínimo unha proba escrita que versará sobre cuestións impartidas no módulo referentes ás áreas de:

- Sociedade: contará un 20% sobre o total da proba.
- Comunicación en linguas galega e castelá: terá un peso do 50%.
- Comunicación en lingua inglesa: terá un peso do 30%.

Ademais, poderanse realizar probas orais.

En todo caso, cada proba realizada valorarase de 0 a 10 e farase a media entre as diferentes probas. Se na proba non se indica o contrario, enténdese que todas teñen a mesma ponderación.

2) Observación do traballo na aula e análise das producións do alumnado (50%).

Neste apartado puntuaranse as tarefas feitas na aula, resumos, redaccións, elaboración de textos, mapas conceptuais, producións escritas, esquemas, comentarios, traballos de investigación, lecturas, exposicións orais.

Cada un dos instrumentos que empreguemos terá unha puntuación de 0 a 10 e farase a media entre os diferentes resultados obtidos. Se non se indica o contrario, enténdese que todos teñen a mesma ponderación.

A cualificación obtida en cada avaliación será o resultado da media aritmética entre a cualificación acadada no apartado 1) e a acadada no apartado 2).

Para acadar unha avaliación positiva o alumnado deberá obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10, resultante de facer a media aritmética entre a cualificación obtida no apartado 1) e a obtida no apartado 2). O alumnado deberá acadar un mínimo de 3 nos apartados 1) ou 2) para poder facer media.

Dado que a avaliación é continua, a cualificación final ordinaria de xuño será a obtida na 3ª avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A avaliación realizarase ao longo do proceso formativo, polo que terá un carácter continuo. Deste xeito, o alumnado ten a oportunidade de recuperar contidos anteriores na avaliación seguinte. Polo tanto, non se arbitran sistemas fixos de recuperación por considerar que a cualificación do alumnado dependerá do seu traballo global durante o curso. Porén, se a profesora o considera necesario poderanse facer probas de recuperación.

O alumnado que non acade unha avaliación positiva en xuño terá dereito a unha avaliación extraordinaria en setembro que consistirá nunha proba escrita. Esta proba versará sobre cuestións impartidas no módulo durante o curso, referentes ás áreas de:

- Sociedade: contará un 20% sobre o total da proba.
- Comunicación en linguas galega e castelá: terá un peso do 50%.
- Comunicación en lingua inglesa: terá un peso do 30%.

A proba cualificarase de 0 a 10 e será necesario obter como mínimo un 5 para obter unha avaliación positiva.



Ademais, o alumnado terá a posibilidade de entregar de forma opcional as actividades propostas pola profesora en xuño. Estas actividades poderán subir ata 1 punto a cualificación obtida na proba escrita. Neste caso a nota mínima requirida na proba escrita sería dun 4.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua terá dereito a unha avaliación extraordinaria que consistirá nunha proba escrita. Esta proba versará sobre cuestións impartidas no módulo durante o curso, referentes ás áreas de:

- Sociedade: contará un 20% sobre o total da proba.
- Comunicación en linguas galega e castelá: terá un peso do 50%.
- Comunicación en lingua inglesa: terá un peso do 30%.

A proba cualificarase de 0 a 10 e será necesario obter como mínimo un 5 para obter unha avaliación positiva.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

A avaliación do currículo programado e da práctica docente para corrixir as desviacións no proceso de ensino-aprendizaxe farase tendo en conta:

- a adecuación dos obxectivos ás características do grupo: o alumnado deste módulo presenta dificultades de aprendizaxe ou atraso curricular que poden pór en risco o alcance dos resultados de aprendizaxe e, como consecuencia, a obtención da titulación correspondente. Malia tales dificultades, desfases ou limitacións, este alumnado posúe capacidades que cómpre potenciar a través de medidas axeitadas, animando ó seu desenvolvemento persoal e unha inclusión social satisfactorias, sen as que probablemente teña que afrontar unha situación laboral de precariedade debido á falta de cualificación e de titulación.
- non só se avaliarán os contidos, senón tamén a progresiva autonomía, o desenvolvemento de estratexias de comprensión e expresión e as habilidades e destrezas lingüísticas acadadas.
- observarase a adquisición de novas aprendizaxes sobre os coñecementos previos.
- volverase sobre aqueles contidos tratados anteriormente que permitan a súa consolidación ou a adquisición dos novos.
- en cada sesión farase síntese e recapitulación dos contidos fundamentais.
- se é preciso, faranse actividades de reforzo ou adaptación en cada unidade didáctica.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Con respecto á avaliación da práctica docente, levarase a cabo da seguinte maneira:

- valoración da práctica docente por parte do alumnado ó finalizar cada trimestre co fin de considerar todos os aspectos do proceso-aprendizaxe que convén reaxustar: actividades de reforzo, repaso, adaptación...
- autoavaliación do alumnado ó finalizar cada unidade didáctica.
- ó longo do curso académico, e dentro do sistema de xestión de calidade do CIFP Carlos Oroza, os alumnos cumprimentarán unha enquisa na que se valorará o proceso de ensino-aprendizaxe.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial



Co fin de obter datos sobre o punto de partida de cada alumno e os seus coñecementos previos, farase unha enquisa inicial sobre o nivel académico máximo acadado, os seus coñecementos previos e os seus intereses persoais e profesionais para cursar este módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas metodolóxicas de reforzo educativo adecuadas ás características dos alumnos e as alumnas, no relativo á adquisición das competencias lingüísticas contidas no módulo profesional de Comunicación e Sociedade I para os alumnos e alumnas que presenten dificultades serán:

- unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe, con actividades abertas, para que cada quen as realice segundo as súas posibilidades.
- actividades presentadas cunha gradación de dificultade.
- proxectos motivadores que lles axuden a relacionar e aplicar coñecementos, a aproveitar situacións de heteroxeneidade, como os grupos cooperativos, que favorecen o ensino-aprendizaxe.
- actividades de reforzo que incidirán nas habituais carencias que presenta este alumnado.
- lecturas de textos guiados mediante unha serie de preguntas que incidan nos aspectos e características máis relevantes da teoría literaria.
- axudas puntuais por parte do docente.
- modificación de actividades en canto á súa complexidade.
- actividades de reforzo, recuperación ou ampliación que poidan realizar individualmente, sendo útiles os recursos audiovisuais e informáticos.

Non debemos esquecer que a finalidade da Formación Profesional Básica, ademais dos fins e os obxectivos establecidos con carácter xeral para as ensinanzas de formación profesional, segundo o artigo 40.2 da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación, contribuirá a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.

Isto supón contribuir ao desenvolvemento integral da persoa para, desde o seu equilibrio persoal e afectivo, fomentar dunha maneira crítica e creativa a súa integración, nunha sociedade cada vez máis multicultural, desde o coñecemento e a estima da propia cultura e a dos outros.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

As competencias profesionais, persoais e sociais que debe acadar o noso alumnado están relacionadas con valores que fixaremos como obxectivos neste módulo:

- aprender a traballar en equipo, dentro da clase ou na sociedade, con actitudes solidarias, tolerantes e democráticas.
- respectar o seu contorno: a aula, o material, as instalacións...
- desenvolver valores de non violencia (sexa de xénero ou entre iguais) e non discriminación.
- desenvolver o respecto á liberdade, á xustiza, a igualdade e o respecto polos dereitos dos demais.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O alumnado participará en actividades complementarias no exterior da aula relacionadas coa materia de Comunicación e Sociedade e que se poidan integrar no currículo, tales como visitas a museos, visita ó Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro, participación no Correlingua, así como calquera outra saída consensuada polo profesorado de especial interese para o desenvolvemento do alumnado.

Tamén está prevista a participación do alumnado en actividades complementarias que teñan lugar no propio centro, como a visita de autores de libros lidos na clase, charlas orientativas sobre temas transversais, etc. Intentarase que o alumnado participe tanto na organización coma na acollida dos invitados.



10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía

O alumnado posúe en todas as súas aprendizaxes unha serie de ideas previas. neste módulo, na unidade formativa de Comunicación en linguas galega e castelá, o obxecto de estudo é a propia lingua. Isto fai que o alumnado parta por un lado dunha serie de coñecementos previos adquiridos a través da aprendizaxe e por outro dos que construíu como usuario.

A selección e organización dos contidos no módulo persegue que o alumnado prograse e se perfeccione de forma sistemática na súa competencia comunicativa e que, de forma simultánea, incrementa progresivamente os seus coñecementos acerca da lingua, os sistemas de comunicación verbal e non verbal e a literatura.

As diversas destrezas e a súa concreción na comprensión e produción de distintos tipos de textos secuencianse para que accedan a diferentes niveis de complexidade atendendo á madurez do alumnado.

Tendo en conta estes aspectos, os principios metodolóxicos que fundamentan e animan o proceso de ensino-aprendizaxe son os seguintes:

- a comunicación é o eixe da unidade formativa. Se este principio é válido para a educación en xeral, moito máis o será nunha materia que ten como fin último o desenvolvemento da comprensión e a produción de textos.
- o ensino da lingua implica a exercitación dos procesos cognitivos complexos: comprensión e produción. Ó ser inseparables estes procesos da comunicación oral e escrita, a metodoloxía para a materia propicia e necesita da realización de actividades moi vencelladas ó cognitivo: busca da idea central, xerarquización de ideas, organización lóxica do discurso, etc.
- o ensino da lingua implica a extensión do concepto de competencia lingüística á pragmática. A materia debe proporcionar coñecementos sobre a propia lingua, pero tamén a capacidade para intervir no discurso e actuar con coñecemento das convencións pragmáticas.
- o ensino da lingua debe fomentar a creatividade. Existe unha estreita relación entre o cultivo da imaxinación e a creatividade e a aprendizaxe da Lingua e Literatura. A resolución dos problemas que presenta a comunicación esixe estratexias de creatividade. Por outro lado, a literatura como expresión artística é un exercicio permanente de creatividade e de comprensión dos seus mecanismos.
- o ensino da lingua debe adecuarse ó suxeito de aprendizaxe. A metodoloxía debe axustarse ó desenvolvemento socio-afectivo, persoal e cognitivo do alumno. Así, hanse de ter en conta os coñecementos e as destrezas que é capaz de adquirir conforme á súa idade e á proximidade e interese dos contidos co que han de exercitar as destrezas comunicativas.
- o ensino da lingua debe fomentar o hábito de ler e o pracer como lector. O coñecemento, dominio e adquisición da lingua atopa na lectura un dos seus mellores instrumentos. Así, é necesario animar e predispoñer o alumnado cara á lectura.

10.2) Materiais e recursos didácticos

Os recursos didácticos desempeñan unha función fundamental, determinando en boa medida como se entende e se realiza o ensino, ademais de favorecer a autonomía do alumnado e a continuidade dos materiais. A conveniencia de favorecer o traballo autónomo e a importancia concedida ó ensino de procedementos de indagación aconsellan a utilización na aula de materiais e recursos didácticos suxestivos e variados.

Na selección de materiais debemos ter en conta que ofrezan unha boa selección de contidos, que resalten as ideas claras e as relacionen, e que ofrezan oportunidades de análise e avaliación de cuestións próximas aos intereses do alumnado.

Dentro dos recursos didácticos temos que diferenciar entre materiais curriculares e materiais didácticos. Entendendo como curriculares, os que se fan exclusivamente para cumprir os obxectivos establecidos no currículo (por exemplo, libro de texto), e por didácticos aqueles que non son elaborados pensando no currículo da materia pero que se poden aproveitar para impartir a materia.

Así, utilizaremos como materiais curriculares:

- materiais deseñados para o traballo na aula e para as actividades complementarias que se irán entregando durante o desenvolvemento do curso preparados para o alumnado: fichas e esquemas, enquisas, resumos, apuntamentos específicos, etc.

O uso destes materiais debe combinarse con outros materiais didácticos:

- A bibliografía existente na Biblioteca do centro, nas bibliotecas municipais, nos departamentos e noutras fontes primarias ou secundarias

existentes no ámbito local, rexional, nacional e incluso internacional.

-Recursos informáticos (encerado dixital,internet...) e audiovisuais (curtametraxes, documentais...)

-Prensa, revistas e publicacións especializadas.

-Libros de lectura ou escolmas de textos.

Na UF de lingua inglesa, utilizarase o libro de texto titulado FP Básica English Comunicación y Sociedad 1, de Nigel Bwye y Patricia Reilly, editado pola editorial Macmillan (2018).

10.3) Difusión da programación

A difusión da programación didáctica faráse do seguinte xeito:

a) O primeiro día de clase explicaráselle ao alumnado os contidos da programación e os obxetivos do currículo así como os criterios de cualificación adoptados polo Depto, as actividades previstas e de selo caso, as de recuperación (ver apdos 5 e 6).

O/A alumno/a asignará un documento conforme foi informado polo/a docente dos aspectos anteriormente mencionados. Este documento arquivaráselle no caderno de aula do/a profesor e unha copia quedará no Depto.

b) Segundo a comunicación da XE, durante este curso as programacións dos módulos estarán dispoñibles na web polo que o alumnado poderá acceder a elas dende o primeiro día de clase.

c) O profesorado do Depto. estará sempre dispoñible para aclarar calquera dúbida do alumnado sobre a programación .